

**COMO FACER
VISIBLE OU
OCULTAR UNHA
MATERIA EN
MOOVI**

Introdución

Por defecto, todas as materias en MooVi créanse ocultas para o alumnado. Deste xeito, o profesorado pode traballar no espazo virtual sen que os/as estudantes poidan acceder á materia e poñela visible no momento que lle interese.

IMPORTANTE: debe ser o profesorado da materia quen a poña visible.

Como pór visible a materia

Entra no espazo virtual da materia. Dende a pantalla inicial do curso, preme na opción «Axustes» do menú superior:



Dentro das opcións de axuste, no apartado de “Visibilidade do curso”, terás a opción de configurar a visibilidade do curso:

Curso Axustes Participantes Cualificacións Informes More ▾

Editar os axustes do curso

▾ Xeral

Nome completo do curso

Nome abreviado do curso

Visibilidade do curso ▾

Data de inicio do curso

Data de remate do curso Activar

Número ID do curso

- **Agochar:** o curso estará oculto para o alumnado.
- **Amosar:** o curso estará accesible para o alumnado.

Por último, cando fagas o cambio na visibilidade, lembra darlle a “Gardar e presentar” ao final da páxina dos axustes.

Contacto

En caso de dúbidas ou incidencias, contacta con soporte.moovi@uvigo.gal